XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO CO CLUB ACORDES NARÓN 2015.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 17 de xuño de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

"INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO CLUB ACORDES NARON POLO ANO 2015

De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2015, aprobou entre outros, o Convenio co Club Acordes Narón, por un importe de 15.000,00 €. (11.000,00 € para percibir polo Club Acordes Narón e 4.000,00 € para o pago do transporte). O dito convenio foi asinado o día 30 de xullo de 2015.

O Club Acordes Narón, percibiu xa o total do importe no ano 2015, segundo o apartado 15.1 do citado convenio.

O citado club, presentou a documentación xustificativa do Convenio, polo Rexistro Xeral do Concello en data 31 de marzo de 2016, estando dentro do prazo establecido para tal fin no texto do Convenio, segundo o apartado 15,3 do citado convenio.

O día 4 de maio de 2016, o Club Acordes asina o recibo de requirimento, polo que se lle solicita documentación da xustificación do convenio. Parte desta documentación foi presentada o día 16 de maio de 2016, no Rexistro Xeral do Concello de Narón.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Depois da presentación da citada documentación, enviouselle o Club Acordes Narón un escrito para aclaración de incidencias na documentación presentada.(26-05-2016), que foi recibida polo Club Acordes, o día 1 de xuño de 2016.
A presentación desa documentación citada no párrafo anterior, foi o día 3 de xuño de 2016.
O Club Acordes Narón, presentou outra documentación para completar a devandita xustificación en datas 2 e 15 de xuño de 2016, respectivamente.
A aprobación da xustificación, é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015. (Acordo recollido na acta do Pleno do día 19-06-2015.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Normativa de aplicación: Segundo o Informe Xurídico emitido coa data de 23 de xuño de 2015:*

C) INFORME-PROPOSTA

Unha vez revisada a documentación xustificativa do Convenio do ano 2015, presentada pola entidade Club Arcordes Narón e visto os informes emitidos polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes acerca da devandita xustificación.
O importe aceptado para a xustificación é de 30.832,46 €
Visto que a documentación presentada polo Club Acordes Narón , cumpre coa normativa aplicable e co estipulado no Texto do Convenio asinado en data 30 de xullo de 2015.
En base o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:
- Aprobar a xustificación do Convenio co Club Acordes Narón, polo ano 2015.
Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno".

Visto o Informe da Intervención Xeral, de data 28 de outubro de 2016, no que se fiscaliza de conformidade o informe-proposta do administrador-xerente do 17 de xuño de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015.
PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- **Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.**

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PADRÓN FISCAL POR OVP CON MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**.-

Apróbase a desestimación dunha alegación polo titular dunha actividade á vista do informe emitido polo Xefe do Servizo de Intervención e Facenda, transcrito na acta da sesión

4 **.- PROPOSTA DE DESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DE OVP CON MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**.-

Apróbase a desestimación dun recurso de reposición interposto pola titular dunha actividade á vista do informe emitido polo Xefe do Servizo de Intervención e Facenda, transcrito na acta da sesión.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR OUTUBRO 2016**.-

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Apróbase o padrón fiscal desa taxa correspondente ao mes de outubro de 2016, cun total de 116 usuarios e por un importe de 13.459,79 euros, e da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar- libre concorrencia correspondente ao mes de outubro de 2016, cun total de 11 usuarios e por un importe de 456,69 euros.

O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar desde o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 16 de Novembro de 2016 ata o 16 de Xaneiro de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Procederase ao seu cobro por vía telemática a través do Cuaderno 19.

Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nembargantes, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

6 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL : B 37/14; B 38/14; B 39/14 B 40/14 E B 42/14.**.-
Dase conta de diversas resolucións da alcaldía sobre cargos por actuacións de protección civil nas que se aproban as correspondentes liquidacións.

7 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 43/14; B 44/14; B 45/14; B 46/14; B 47/14 E B 48/14.**.-
Dase conta de diversas resolucións da alcaldía sobre cargos por actuacións de protección civil nas que se aproban as correspondentes liquidacións.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

FOLIO _____

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es